

# CATÁLOGO DE SERVICIOS

**/ 2024 /**

**espazo coop**  
unión de cooperativas galegas

# ÍNDICE

APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS

03

CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS

07

FORMACIÓN

11

PROMOCIÓN COOPERATIVA

15



# APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS

A cooperativa sérvenos para organizar e dar resposta a distintas necesidades (acceso a emprego, consumir ou obter servizos profesionais), baséanse nos principios de xestión democrática, participación, autoxestión ou axuda mutua, no marco dunha estrutura horizontal e igualitaria.

Impulsamos novas cooperativas, **ofrecemos orientación, información, e acompañamento especializado**. Contamos con **profesionais experimentadas que coñecen o modelo**, as particularidades que distinguen ás cooperativas e todos os aspectos que lle dan valor.

En EspazoCoop desenvolvemos varios programas que prestan soporte para **formar cooperativas**.

## APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS

### / PROGRAMA +COOP /

+COOP asesora e acompaña a persoas que promoven empresas cooperativas en Galicia. A Unión conta cun fondo de 400 horas para prestar o servizo. Inclúe unha xornada de resultados e intercambio no mes de xullo, que permitirá mostrar o potencial das cooperativas para acceder ao emprego.

Ata 30 de setembro 2024.  
[ REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA ]

### / ESPAZOCOOP EMPRENDE /

Dinamización, apoio e acompañamento para emprender en cooperativa en Galicia, o seu obxectivo é a creación de novas empresas e empregos no cooperativismo. Aumentará as competencias emprendedoras e a supervivencia empresarial de cooperativas. Consta de actividades de sensibilización, formación e asesoramento. Inclúe para 2024 unha xornada de presentación o 29 de maio e un plan de visibilización e comunicación.

Durante 2024  
[ PROGRAMA EFESO.CEPES-FSE+ ]

### / EC4RURAL /

O proxecto europeo EC4RURAL ten como prioridade asegurar que as comunidades rurais europeas participen e se beneficien da transición cara ás enerxías limpas a través da creación de comunidades enerxéticas.

EspazoCoop contribúe nas accións para sensibilizar, dinamizar, e acompañar ós 22 concellos rurais de Galicia que promovan comunidades enerxéticas como cooperativas ou entidades de ES.

Durante 2024  
[ LIFE ]



# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS

### / ESPAZOCOOP ACOMPAÑA /


EspazoCoop Acompaña ofrece asesoramiento e acompañamento para emprender como cooperativa, tamén a empresas en crise que valoren a súa transformación en cooperativa e a persoas autónomas para agrupar servicios, recursos ou investimentos no ámbito do Concello da Coruña. O servizo consta de 120 horas.

Durante 2024  
[CONCELLO DA CORUÑA]

### / APOIO AO EMPRENDIMIENTO /

Asesoramento e acompañamento a persoas interesadas no emprendemento en cooperativa no ámbito do Concello de Santiago de Compostela. O servizo pon a disposición unha bolsa de 100 horas.

Ata 15 de outubro 2024  
[CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA]



### / ACOMPAÑANDO NO EMPRENDIMIENTO /

Un servizo que asesora e acompaña a grupos de emprendemento da provincia da Coruña para a posta en marcha de novos proxectos mediante un proceso personalizado de análise de viabilidade e creación da cooperativa. O programa consta dun fondo de 140 horas.

Durante 2024  
[DEPUTACIÓN DA CORUÑA]



# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## APOIO PARA CREAR COOPERATIVAS



### / ES FACTORY 1 E /

O proxecto europeo ES FACTORY 1 E é un programa transfronteirizo de Galicia e Norte de Portugal, no que EspazoCoop en 2024 desenvolverá unha Axenda do sector dos coidados na economía social, será un informe que identifique e actualice oportunidades de negocio no cooperativismo e a ES. Por elo organizará un encontro con colectivos do sector dos coidados para recabar información.

Durante 2024  
[POCTEP - Programa Operativo de  
Cooperación Transfronteriza España-  
Portugal]



# CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS

Grazas á liña de Consolidación, acompañamos e orientamos ás cooperativas socias con programas que dan resposta ás súas distintas necesidades. EspazoCoop como asociación que constrúe unha rede entre as cooperativas, realiza acompañamento personalizado e programas de crecemento a medida.

Acumula unha longa experiencia orientando e asesorando a cooperativas, e ten creado recursos, formacións, actividades e programas específicos para empresas cooperativas que están axudando e contribuíndo a que medre e se consolide o cooperativismo galego. Contamos con varios programas para ofrecer estes servizos de **asesoramento e acompañamento a cooperativas en funcionamento.**



# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS

### / PROGRAMA CONSOLIDA+ /

Como obxectivos márcase dar apoio ás cooperativas para a súa consolidación, acompañar ás socias, órganos directivos e consellos reitores para asumir con garantías o seu papel de goberno e xestión. Conta cun fondo de 720 h. de asesoramento e inclúe 2 encontros de intercambio, o curso en liña “Ferramentas Básicas de Xestión Cooperativa” (36 horas), 1 xornada final de resultados no mes de setembro, e 3 vídeos de boas prácticas.

Ata 30 de setembro 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA]

### / PROGRAMA INTERCOOPERACIÓN /

Para fomentar a intercooperación, tanto a nivel sectorial como intersectorial e con outras entidades da Economía Social e Solidaria (ESS) EspazoCoop implementa un programa de actuacións con encontros temáticos ou sectoriais e acompañamento a proxectos de intercooperación.

Ata 31 de outubro 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA]



### / ES MENTORING /

ES-Mentoring é unha iniciativa de mentorización para apoiar a entidades de economía social con necesidades específicas, en situación crítica, nun proceso de cambio, transformación ou innovación, entre outras. En 2024 EspazoCoop dinamizará a Rede de Mentoradas en economía social, avaliará o mentoring das edicións 2022 e 2023, e realizará un encontro de intercambio entre mentoradas e entidades mentoradas.

2º semestre de 2024  
[CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN]



## CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

# CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS

### / SERVICIO DE APOIO NA XESTIÓN A COOPERATIVAS SOCIAS /


As cooperatias socias contan cun servizo de consultas de xestión cooperativa, para tratar temas xurídicos e societarios, contables, fiscais, laborais, sobre axudas específicas para o sector cooperativo, e outras liñas, como pode ser tarefas de intermediación coa Administración para aquelas cooperativas asociadas que o precisan.

Durante 2024

### / SERVICIO DE ASESORÍA XURÍDICA EN MATERIA EDUCATIVA /

Servizo de consultas para escolas cooperativas asociadas a EspazoCoop e centros de ensino de ACES Galicia en materia educativa.

Durante 2024



# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS

### / ESPAZOCOOP ACOMPAÑA /

EspazoCoop Acompaña brinda asesoramiento e acompañamento a cooperativas en funcionamento, en temáticas e ámbitos diversos segundo as necesidades. Está destinado a cooperativas do Concello da Coruña. O servizo conta cun fondo de 120 horas.

Durante 2024  
[CONCELLO DA CORUÑA]

### / ASESORAMENTO E APOIO A COOPERATIVAS /

Asesoramento para desenvolver procesos de mellora, acompañando a socias, órganos directivos e consellos reitores. O servizo conta cun fondo de 100 h.

Ata 15 de outubro 2024  
[CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA]



### / ACOMPAÑANDO NA CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS /

Asesorar en procesos de consolidación e mellora de cooperativas do ámbito da provincia da Coruña, dirixidos a manter e incrementar o emprego, mellorar condicións e garantir o crecemento da empresa. O programa dispón de 140 h.

Durante 2024  
[DEPUTACIÓN DA CORUÑA]



# FORMACIÓN

A oferta formativa da Unión de Cooperativas conta en 2024 cun programa de **máis de 15 cursos** en materia cooperativa, nas modalidades de presencial e teleformación, orientadas a persoas cooperativistas e a persoal contratado destas empresas, para prescriptoras e para outros colectivos e públicos interesados.

EspazoCoop dispón dunha **plataforma de formación propia**.





# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## FORMACIÓN

### / PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA /

PROGRAMA DE FORMACIÓN ESPECIALIZADA:

- Xestión de cooperativas: facturación e fiscal
- Xestión laboral de cooperativas
- Intercooperación: poñendo en valor a arte de cooperar
- Organización e xestión societaria de cooperativas

4 cursos. Formación presencial. 5 h./curso

26 de xuño, 3, 10, e 17 de xullo 2024  
[CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA]

### / FORMACIÓN DE PERSOAS PRESCRIPTORAS /

FORMACIÓN DE PERSOAS PRESCRIPTORAS, AXENTES NO ECOSISTEMA DE EMPRENDEMENTO

1 curso. 40 h. Teleformación



2º semestre 2024  
[DEPUTACIÓN DA CORUÑA]

### / PROGRAMA FORMATIVO "COOPERA RURAL" /

PROGRAMA FORMATIVO "COOPERA RURAL", FORTALECENDO O TECIDO COOPERATIVO NO RURAL :

- Emprendendo en cooperativa
- Habilidades e competencias para o traballo en equipo en cooperativas
- Desenvolvendo a idea cooperativa

3 cursos. Teleformación. 25 h./curso

Do 3 de xuño ao 27 de xullo 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]

# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## FORMACIÓN

### / FORMACIÓN DE CADROS DIRECTIVOS EN COOPERATIVAS /

FORMACIÓN DE CADROS DIRECTIVOS EN COOPERATIVAS

Formación para dirixir cooperativas e mellorar a función directiva e de cogobernanza nas cooperativas.

1 curso. 25 h. Teleformación

Do 10 ao 26 de xuño 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]

### / FORMACIÓN COMERCIAL: COOPERA, COMUNICA E VENDE /

FORMACIÓN COMERCIAL: COOPERA, COMUNICA E VENDE

1 curso. 25 h. Teleformación



Do 11 ao 27 de setembro 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]

### / MULLER A COOPERATIVA É PARA TI/

PROGRAMA FORMATIVO “MULLER A COOPERATIVA É PARA TI” :

- Emprendemento cooperativo para a mocidade
- Habilidades e competencias para o traballo en equipo en cooperativas
- Desenvolvendo a idea cooperativa

3 cursos. Teleformación. 25 h./curso

Do 8 de abril ao 29 de maio 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]



# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## FORMACIÓN



### **/ A COOPERATIVA ALTERNATIVA DE EMPREGO PARA A MOCIDADE /**

PROGRAMA FORMATIVO “A COOPERATIVA ALTERNATIVA DE EMPREGO PARA A MOCIDADE” :

- Emprendemento cooperativo para a mocidade.
- Habilidades e competencias para o traballo en equipo en cooperativas.
- Desenvolvendo a idea cooperativa.

3 cursos. Teleformación. 25 h./curso

Do 14 de febreiro ao 5 de abril 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA -  
CEPES - FSE+]





# PROMOCIÓN COOPERATIVA

Queremos hacer crecer a economía cooperativa, social e solidaria. A difusión, visibilización e o fomento do cooperativismo tamén é a nosa razón de ser. En EspazoCoop realizamos diversas actuacións para logralo e para achegar o cooperativismo á sociedade. Realizamos **servizos de fomento do cooperativismo en colaboración con organizacións e entidades**, axentes sociais públicos ou privados, administracións, colectivos, redes, concellos, centros de ensino, universidades, confrarías, comunidades de montes, entre outros.

**Podemos diseñar, elaborar e implementar plans e programas de fomento cooperativo**, realizamos actividades e proxectos de todo tipo para promocionar o cooperativismo.

# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## PROMOCIÓN COOPERATIVA

### / ECOSISTEMA DE EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA /


Un programa para dinamizar e xerar rede mediante o traballo colaborativo co persoal e nos espazos de traballo - coworkings de apoio ao emprendemento da Deputación da Coruña, que conta con 11 centros, co fin de fomentar o coñecemento do cooperativismo e as súas potencialidades.

Durante 2024  
[DEPUTACIÓN DA CORUÑA]

### / SENSIBILIZACIÓN DO EMPRENDEMENTO EN COOPERATIVA /

Sesiós de información e divulgación do modelo cooperativo en colaboración con concellos, obradoiros de emprego, centros de ensino, ou axencias de desenvolvemento local entre outras entidades. 10 edicións.

Ata 30 de setembro 2024  
[REDE EUSUMO-XUNTA DE GALICIA - CEPES - FSE+]



### / ROTEIROS COOPERATIVOS - SANTIAGO DE COMPOSTELA /

Ruta para identificar e coñecer empresas cooperativas da cidade de Santiago de Compostela. Esta proposta pretende visibilizar o cooperativismo; apoiar ás cooperativas participantes no roteiro no seu labor comercial, e tamén que faga parte da proposta de actividades turísticas da cidade. 4 edicións.

De xuño a setembro 2024  
[CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA]



# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## PROMOCIÓN COOPERATIVA

### / XORNADA LIDERADO DAS MULLERES EN EMPRESAS DE PARTICIPACIÓN /

Xornada sobre o liderado e gobernanza que exercen as mulleres en empresas de participación e na economía social. Iniciativa dirixida a visibilizar as capacidades das mulleres de emprender e dirixir proxectos empresariais exitosos, mediante a presentación de recursos e boas prácticas que favorezan o liderado das mulleres. Así como as facilidades e oportunidades que achega, para elo o cooperativismo.

2ª quincena de setembro 2024  
[CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA]

### / ROTEIRO COOPERATIVO A CORUÑA /

Ruta para visitar cooperativas da cidade da Coruña destinada a centros de ensino, coa finalidade de amosar a idoneidade do modelo cooperativo como vía de acceso ao emprego a través do emprendemento colectivo. 2 edicións.

4º trimestre 2024  
[CONCELLO DA CORUÑA]

### / XORNADA AS COOPERATIVAS EMPRESAS SUSTENTABLES /

Xornada de presentación de resultados do traballo realizado pola Unión de Cooperativas no marco do convenio 2024 co Concello da Coruña, máis tamén para abordar como temática central a contribución das cooperativas á sostibilidade, mediante a impartición dun relatorio marco, e a presentación de casos de empresas cooperativas en relación coa sostibilidade.

Novembro 2024  
[CONCELLO DA CORUÑA]




# CATÁLOGO DE SERVICIOS 2024

## PROMOCIÓN COOPERATIVA

### / XORNADA O COOPERATIVISMO COMO FACTOR CLAVE NOS ODS /

Xornada no Pazo de Mariñán, en Bergondo. Posibilitará achegarnos, cunha visión práctica, aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e á Axenda 2030 que os enmarca, pór en valor a súa identificación e implantación pero tamén a súa proximidade aos principios e valores cooperativos, e, polo tanto, á contribución do cooperativismo á consecución dos ODS.

Decembro 2024  
[DEPUTACIÓN DA CORUÑA]



# Financiamento dos servizos e actividades de EspazoCoop

Os servizos e actividades da Unión de Cooperativas EspazoCoop son posibles polo apoio de diversas institucións e entidades



Cofinanciado por  
la Unión Europea





# CONTÁCTANOS

[info@espazo.coop](mailto:info@espazo.coop)

[www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)

981 57 55 78

